



## **CIRCULAR 89-2021.** **CONTROL FGA PISTA AO AIRE LIBRE 4/09/2021**

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1).** A Federación Galega de Atletismo organiza o Control FGA pista ao aire libre o día 4 de setembro de 2021, pistas de atletismo do CGTD de Pontevedra.

**Art.2).** Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas. Sendo imprescindible entregar na retirada a folla de Declaración Responsable.

**Art.3).** Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as con ficha pola Federación Galega de Atletismo, da tempada actual (2021) tendo preferencia as categorías máster.

**Art.4).** Participación.

Será por mellores marcas, en caso de non completar as prazas sortearanse as que queden libres.

**Art.5).** Horario Provisional, a falta do peche de inscricións.

<b>CONTROL FGA 04/09/2021 - XORNADA DE MAÑÁ</b>		
<b>HORA</b>	<b>PROBA</b>	<b>SEXO</b>
<b>11:10</b>	1500	Homes
<b>11:20</b>	1500	Mulleres
<b>11:35</b>	5000	Mulleres
<b>12:00</b>	5000	Homes
<b>12:30</b>	800	Homes
<b>12:40</b>	800	Mulleres
<b>12:47</b>	1000	Homes
<b>12:54</b>	1000	Mulleres
<b>13:07</b>	600	Homes
<b>13:14</b>	600	Mulleres

**Art.6).** as inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do luns 30 de agosto. Existirá unha cota de inscrición de 4 Euros por atleta e proba. O prazo para realizar as baixas será dende a publicación dos aceptados ata ás 14:00 horas do mércores 1 de setembro. Calquera baixa non comunicada en prazo a: [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal) levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente e unha multa de 3 euros.



**Art.7).** Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.8).** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Control a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)) segundo o artigo 6 do presente regulamento. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.9).** O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa na páxina web de [atletismo.gal](http://atletismo.gal), pendente da limitación da redución de aforo da instalación do CGTD, determinada pola actual situación derivada do COVID-19. Á espera de que sexa publicada a relación definitiva de atletas admitidos.

**Art.10).** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art.11).** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 19 de agosto de 2021

Carlos Castro Vicente  
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo